

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Listas definitivas técnica/o informática/o, persoal laboral fixo

EXPEDIENTE: 2023/G003/000262

Vista a Resolución da Alcaldía nº 949/2022, de 18 de xullo, que aproba a convocatoria e as bases para a contratación, en réxime de persoal laboral fixo, dunha praza de técnico/a informático/a, mediante o sistema de concurso-oposición.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 145, de 2 de agosto de 2022, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 173, de 12 de setembro de 2022, e publicado no Boletín Oficial do Estado nº 245, de 12 de outubro de 2022.

Considerando que con data 28 de novembro de 2022 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes, resultando que non se formularon alegacións nin emendas á devandita lista.

Vistas as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas do proceso selectivo para a provisión, pola quenda de acceso libre, dunha (1) praza de técnico/o informática/o, persoal laboral fixo, correspondente á Oferta de emprego público de 2022.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME DE LINGUA GALEGA	LINGUA EXAME
IGLESIAS ALLONES	JOSÉ LUIS	***4888**	EXENTO	GALEGO
LÓPEZ MARTÍN	ALEJANDRO	***7440**	EXENTO	CASTELÁN
PAZ GONZÁLEZ	BREIXO	***8824**	EXENTO	GALEGO
REY VEIRAS	JOAQUÍN	***1248**	EXENTO	CASTELÁN
SABORIDO FIAÑO	RAQUEL	***4156**	EXENTA	CASTELÁN
VÁZQUEZ PAZ	REBECA	***0107**	EXENTA	CASTELÁN

Persoas aspirantes excluídas

Segundo.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro día 8 de marzo de 2022, ás 11.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal.

Terceiro.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: www.teo.gal e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz